



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa ás razóns do elevado número de verteduras contaminantes mar-terra producidas en Ribeira, e as medidas que se adoptarán para evitalas.

Dados oficiais do Centro Zonal de Coordinación de Salvamento (CZCS) de Fisterra e SASEMAR, no periodo comprendido entre os anos 2003 e 2006 (inclusive), sinalan a Ribeira e ao seu porto como o lugar de todo o litoral galego máis afectado por verteduras contaminantes mar-terra. Os episodios detectados (o número dos reais probabelmente sexa moito maior), prodúcense nas seguintes datas:

- 9 de Marzo de 2003. Lavado de sentinas en Palmeira.
- 5 de Maio de 2003. Aparición piche en Corrubedo.
- 7 de Xuño de 2003. Ribeira.
- 6 de Agosto de 2003. Ribeira.
- 7 de Agosto de 2003. Ribeira.
- 24 de Agosto de 2003. Ribeira.
- 29 de Outubro de 2003. Ribeira.
- 7 de Novembro de 2003. Punta Couso.
- 5 de Decembro de 2003. Ribeira.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- 17 de Decembro de 2003. Ribeira.
- 20 de Decembro de 2003. Ribeira.
- 5 de Xaneiro de 2004. Ribeira.
- 27 de Xaneiro de 2004. Corrubedo.
- 24 de Agosto de 2004. Ribeira.
- 9 de Setembro de 2004. Ría de Arousa (frente a Ribeira).
- 23 de Outubro de 2004. Coroso.
- 19 de Marzo de 2005. Ribeira.
- 30 de Marzo de 2005. Vilar, Couso e Corrubedo.
- 18 de Maio de 2005. Ribeira.
- 14 de Xullo de 2005. Coroso.
- 7 de Agosto de 2005. Coroso.
- 7 de Agosto de 2005. Ribeira.
- 30 de Outubro de 2005. Ribeira.
- 21 de Novembro de 2005. Ribeira.
- 25 de Xaneiro de 2006. Ribeira.
- 15 de Febreiro de 2006. Ría de Arousa (frente a Ribeira)
- 24 de Febreiro de 2006. Ribeira.
- 16 de Marzo de 2006. Ribeira.
- 5 de Abril de 2006. Ribeira.
- 26 de Xuño de 2006. Ribeira.
- 29 de Xuño de 2006. Ribeira.
- 2 de Xullo de 2006. Ribeira.
- 11 de Xullo de 2006. Ribeira.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- 13 de Xullo de 2006. Ribeira.
- 4 de Agosto de 2006. Ribeira.
- 11 de Agosto de 2006. Coroso.
- 7 de Setembro de 2006. Ribeira.
- 13 de Setembro de 2006. Ribeira.
- 9 de Outubro de 2006. Ribeira.
- 16 de Outubro de 2006. Ribeira.
- 31 de Outubro de 2006. Ribeira.
- 16 de Novembro de 2006. Ribeira.
- 15 de Decembro de 2006. Illa de Sálvora.
- 17 de Decembro de 2006. Illa de Rúa.

Os datos son estarrecedores. 44 episodios de contaminación mariña mar-terra (as verteduras terra-mar son moi superiores en número, mais non son obxecto desta iniciativa parlamentaria) sitúan ao porto de Ribeira no primeiro lugar de toda Galiza en canto a episodios de contaminación mariña.

Como media, unha vez ao mes detéctase unha vertedura contaminante (fundamentalmente hidrocarburos) no litoral de Ribeira, en moitos casos directamente sobre bancos marisqueiros.

O problema non é só, pois, de carácter medioambiental, aínda debendo converterse este ámbito en obxecto preferente de atención. O problema é tamén produtivo e, daquela, económico e social, tal e como ten reiteradamente denunciado a Confraría de Ribeira. Estes 44 episodios teñen



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

provocado importantes perdas para o sector pesqueiro e marisqueiro que opera na ría de Arousa e, de xeito aínda máis evidente, con porto base en Ribeira, Palmeira e Aguiño. Este estado de cousas é insostíbel para o sector pesqueiro e marisqueiro.

Non se pode asumir como normal esta situación. Ben certo é que a competencia en materia de loita contra a contaminación mariña está actualmente radicada en Madrid, no Goberno español. Aínda así non é entendíbel o motivo que leva a que non se adopten medidas reais para combater o panorama descrito, pola vía da prevención e da loita contra a contaminación mariña.

De feito, no período referenciado, e de 44 episodios contrastados, só se detectaron en Ribeira dous buques presuntamente infractores: o “Spitsbergen” (16 de Marzo de 2006) e o “Rosina” (31 de Outubro de 2006). Descoñécese, igualmente, os medios existentes en Ribeira para a detección, control e combate, en mar e terra, da contaminación mariña, dos efectivos de inspección existentes, etc.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

1. Que motivos levan a que sexa Ribeira o primeiro porto de Galiza en episodios de contaminación mariña rexistrados?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

2. Que medios de control e combate contra a contaminación mariña existen en Ribeira?
3. Que medidas concretas se articularán para enfrentar esta situación?

Santiago de Compostela, 18 de Xullo de 2007.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Deputado do G.P. do BNG.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG.